

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR10S2XA	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 20-12-16 12:58

Asunto
APLICACIÓN DAS NORMAS ÓS ARTESÁNS

Destinatario
CONCELLO
PRAZA OBRADOIRO (DO)
15705-SANTIAGO DE COMPOSTELA
A CORUÑA

15078DCIR10S2XAU
² 15078DCIR10S2XAUE»
² 15078DCIR10S2XAUE»

DECRETO.- Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2016

1.- Por Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadán e Tráfico, de data 25 de novembro de 2013 se aproban as Normas que Regulan as Actividades Artísticas Promovidas por Particulares na Vía Pública, dándose conta do acordo á Xunta de Goberno Local de 28 de novembro dese ano. Esta resolución foi modificada o 28 de marzo de 2014 e o 12 de decembro do mesmo ano, en relación cos prazos de presentación de instancias e publicación dos listados, contemplados no Anexo II e a aprobación dun novo Anexo III para regular as actividades musicais no Arco do Pazo de Xelmírez.

A Disposición 2ª das normas dispón que, con carácter xeral, poderanse autorizar actividades consistentes en actuacións musicais, pictóricas ou outras actividades artísticas como estatuas viventes, mimos, etc. Calquera actividade artística que promovas os particulares na vía pública será sometida previamente á valoración da súa oportunidade.

Pola súa banda, a Disposición 9, punto B.4) contempla a posibilidade de outorgar autorizacións para o exercizo de actividades artísticas de diversa índole, distintas as anteriores (musicais, pictóricas ou fotográficas) cando non leven consigo a emisión de son nin supoñan a venda de artigos de calquera clase, atendendo á conveniencia e oportunidade de cada unha delas, e especialmente á saturación dos espazos propostos.

Ultimamente estase comprobando por parte do persoal municipal que a meirande parte das actividades artesanais autorizadas, non teñen vinculación do espazo público, como as actividades fotográficas ou pictóricas; adoitan a desenvolverse como actividades comerciais esixindo unha contraprestación económica, non derivada do exercizo da actividade (con carácter xeneral os artesáns non realizan a produción na vía pública), cobrando polos produtos que exponen, publicitando o prezo correspondente a cada un deles, e decir, levando a cabo unha actividade comercial encuberta, esixindo unha contraprestación; e a maior abundamento, producindo unha saturación nos espazos adicados a estas actividades artísticas na vía pública, ata o punto de que se tiveron que establecer quendas rotatorias para posibilitar a concesión de tódalas solicitudes presentadas.

Tendo en conta, criterios de legalidade; por non axustarse o desenvolvemento destas actividades ás determinacións das normas; e criterios de oportunidade, por mor da saturación dos espazos e a seguridade dos viandantes, consideramos conveniente suprimir o desenvolvemento deste tipo de actividades na vía pública, de tal xeito que as actividades autorizables, a partir do segundo trimestre do vindeiro ano 2017 serán unicamente as actividades musicais, pictóricas ou fotográficas e de mimo, estatuas humanas ou semellantes.

<i>Dependencia</i> CIR.- Mobilidade e Seguridade Cidadá 317.- MMOBE		
<i>Documento</i> CIR10S2XA	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 20-12-16 12:58

2.- A Xunta de Goberno Local na súa sesión de 17 de xuño de 2015 acordou delegar a competencia sinalada na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no relativo á concesión de autorizacións para o aproveitamento especial dos bens de dominio público; ase como o seu uso privativo, con instalacións desmontables ou bens mobles ou cunha duración ou uso non superior a un ano no Concelleiro Delegado de Medio Ambiente e Convivencia.

RESOLVO:

NON AUTORIZAR actividades chamadas artesanais nos espazos da vía pública habilitados para o desenvolvemento de actividades artísticas, en base ás consideracións expostas no antecedente desta resolución.

Esta medida farase efectiva a partires do segundo trimestre do ano 2017, xa que para o primeiro trimestre o prazo de presentación de solicitudes remata mañá, polo que a meirande parte delas xa foron presentadas, para non perjudicar ós interesados. En todo caso, supervisarase de xeito exhaustivo e con maior rigor durante este derradeiro trimestre no que van a desenvolverse estas actividades, o estricto cumprimento das normas que regulan o exercizo da actividade.

Esta resolución, para xeneral coñecemento, publicarase na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello e manterase publicado ata que se abra o periodo de presentación de solicitudes do segundo trimestre do ano 2017, o sexa ata o 3 de marzo de 2017.

Notifíquese o presente decreto ós interesados e ós demais negociados, seccións e servicios correspondentes.

O CONCELLEIRO-DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Xan Xesús Duro Fernández